

Artegalia Economía Social, S.L.U., coa marca comercial **ALENTAE**, centro especial de emprego a través da integración laboral de persoas con discapacidade, fabrica máscaras cirúrxicas Tipo IIR.

A organización comprométese a conducir as súas actividades, instalacións e produtos de alta calidade e competitivos dentro do sector asegurando que cumpran os requisitos e necesidades dos clientes. Busca a mellora continua dos procesos para previr e corrixir as causas de posibles problemas que poidan dar lugar a un produto non conforme.

A alta dirección asume a responsabilidade de seguir mantendo e actualizando o Sistema Integrado de Xestión da cordo cos requisitos establecidos nas normas normas ISO 9001 e ISO 13485, nas súas edicións vixentes, comprometéndose a:

- Promover, en toda a organización, un enfoque ao **cliente** e partes interesadas para coñecer as súas necesidades e cumprir os requisitos requiridos.
- Ser responsables e sostibles co **medio ambiente** para previr a contaminación e reducir o seu impacto negativo coa contorna.
- Contribuír activa e voluntariamente á sostibilidade ética e persoal na sociedade integrando a persoas con discapacidade no mundo laboral. Os traballadores reciben unha formación e cualificación necesaria para un desenvolvemento eficaz, en condicións seguras de traballo.
- Cumprir os **requisitos legais** que lle apliquen, así como outros requisitos aos que se someta voluntariamente.
- **Formar e capacitar** a todos os seus traballadores para que sexan conscientes das súas responsabilidades respecto á calidade dos procesos dos que forman parte.
- Facer seguimento anual dos obxectivos asociados aos procesos chave que permitan implantar accións correctivas sempre na procura da **mellora continua** para asegurar deste xeito a sostibilidade e o futuro da empresa.
- Asegurar a sostibilidade da organización coa execución de novos proxectos a través da innovación e a colaboración con outras organizacións.

A alta dirección comunica a política a todas as partes interesadas. Lidera e promove o seu cumprimento dentro da organización.

Asdo. Herminio Martínez Lago
Xerencia
